



Moción do Grupo Municipal do Partido Popular a prol de paralizar e deixar sen efecto a OPE aprobada pola Xunta de Galicia no que se refire aos postos de traballo do **Centro de Dia e a Escola Infantil** do noso Concello.

Ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de CHANTADA

Ao amparo do disposto no artigo 97,2 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2569/86 de 28 de Novembro, o grupo municipal do Partido Popular de Chantada presenta para o seu debate e posterior aprobación, si procede, a proposición sobre o mantemento dos servizos de Igualdade e Benestar do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar no noso concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Día e a Escola Infantil ubicados no noso Concello que empezaron a formar parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no ano 2008 e no ano 2010 respectivamente, abriron as súas portas cun equipo profesional que axudaron na súa creación, na implantación, e na consolidación dun recurso social público que hoxe se fai imprescindible para a nosa veciñanza.

O equipo de profesionais que presta os seus servizos, accedeu ao seu posto de traballo seguindo os procedementos de acceso establecidos pola Lei a estes efectos e baixo o control da Xunta de Galicia e o Concello.

Os concellos forman parte esencial e estrutural do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, constituíndo o 49 % da súa Asamblea Xeral e sendo imprescindibles para o financiamento do seu mantemento e as súas profesionais, na súa práctica totalidade, mulleres.

Recentemente, en decembro do pasado ano, tense publicado unha Oferta Pública de Emprego por parte da Xunta de Galicia que engloba mais de 1200 postos de traballo do Consorcio Galego. Postos de traballo ocupados na actualidade por profesionais como as que desenvolven o seu traballo no Centro de Dia e a Escola Infantil do noso concello.

Consideramos pouco acaído que se publique unha nova Oferta Pública de Emprego sen antes dar oportunidade, dentro do marco legal actual, as traballadoras que levan desempeñando a súa labor profesional durante os últimos 13 anos, de converter os seus contratos temporais en fixos.

Por este motivo, as traballadoras temporais do Consorcio (máis dun 90% da totalidade de profesionais do Consorcio) teñen iniciadas mobilizacións para defender os seus postos de traballo, reclamando que non se fagan procesos de consolidación dos “postos de traballo”, senón que se fagan procesos de consolidación real das profesionais que durante tantos anos levan sendo vítimas dun contrato temporal.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ao Pleno da Corporación para debate e aprobación si procede, dos seguintes acordos:

1- Dirixirse urxentemente a Consellería de Política Social, Presidenta deste Organismo público e, como membro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, instar a Xunta de Galicia a:

- **Respetar os acordos de adhesión e os compromisos co Concello de Chantada evitando o desmantelamento dos equipos de traballo que durante estes años están coidado da boa marcha do Centro de Dia e a Escola Infantil neste Concello.**
- **Paralizar e deixar sen efecto a OPE aprobada pola Xunta de Galicia relativa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo menos no que se refire os postos de traballo do Centro de Dia e a Escola Infantil do noso Concello.**
- **Previa comunicación e diálogo co noso Concello, se inicien os trámites necesarios para, dentro do marco legal actual, favorecer a consolidación e fixeza dos actuais contratos temporais de traballo nos centros referidos.**

Asdo.: Manuel Lorenzo Varela Rodríguez
Voceiro do Grupo Municipal

